

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/100-1
Entidade	CONFRARÍA DE NOIA	
Plan explotación⁽¹⁾	OSTRA	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Ostra (<i>Ostrea edulis</i>)
Ambito do plan	Bancos de ostra de Broña e punta Cabalo Baixo
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	33	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
Non		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	40										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	Bancos de Broña e punta Cabalo Baixo										
Modalidade⁽³⁾											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X							X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ostra	-	-	350 ud

Artes a empregar	Rastro de vieira, segundo o artigo 120 do Decreto 424/1993.
-------------------------	---

Puntos de control	O control farase dende embarcacións de vixancia da confraría e situaranse en Broña e en punta Cabalo Baixo
Puntos de venda	Lonxas de Freixo e Testal.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

O día 9 de decembro foi remitida á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, a petición da confraría de Noia de solicitar unha modificación do plan presentado respecto ás cotas máximas de captura, pasando a ser de 500 ud/tripulante/día, fronte ás 300 ud. solicitadas inicialmente, e reducindo o número de participantes a 7 embarcacións.

A proposta remitida non pode ser aceptada en tanto non se xustifiquen os seguintes aspectos:

- Que as embarcacións que contan coa arte de rastro de vieira (ostra) (Z4) asociadas á confraría de Noia foron informadas da súa inclusión/exclusión do plan e están dacordo con esta decisión
- Que xa que o plan de explotación foi aprobado polos órganos de goberno de confraría, esta modificación deberá ser ratificada polo mesmo órgano que aprobou o plan.

Polo tanto, en tanto non se xustifiquen tales aspectos, o plan de explotación desenvolverase baixo as condicións recollidas nesta ficha resumo:

Zona de produción: corresponde a dous bancos naturais dentro das zonas de autorización da entidade: Broña e punta Cabalo Baixo.

Especies: ostra e especies acompañantes, excepto aquelas que se autoricen no plan de explotación para as autorizacións da confraría de Noia, sempre e cando acaden a talla mínima legal e non estean en veda. A disposición adicional cuarta da Orde pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2010 establece que: Os rastros remolcados definidos nos artigos 120 e 123 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, só poderán capturar un 10% das especies acompañantes, sempre e cando ditas especies non estean sometidas a un plan específico aprobado pola Consellería do Mar. Está totalmente prohibida a extracción de vieira.

Participantes: No plan presentado se recollen un total de 33 embarcacións asociadas á confraría de Noia: 31 coa arte rastro de volandeira, zamburiña e ostra (Z4) e 2 coa arte rastro de vieira (Z4). Deberían indicar o número de tripulantes que participarán neste plan.



Días máximos de extracción: O seguimento deste plan e da produción obtida nos últimos anos desaconsella aceptar a proposta de incremento dos días máximos de extracción respecto do plan en vigor, considerando que non se deben superar os 40 días ao ano, que se distribuirán en función das condicións ambientais e da demanda do mercado entre os meses autorizados.

Cota máxima de captura: As mesmas razóns que desaconsellan incrementar o número de días de extracción, desaconsellan acceder ó incremento proposto da cota máxima de captura. Sen embargo, tendo en conta a baixada xeral nas cotizacións xunto á escasa participación diaria das embarcacións considérase aceptable incrementar a cota de captura en vigor a 350 unidades/tripulante enrolado e a bordo/día.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Arte: Rastro de volandeira, zamburiña e ostra e rastro de vieira para a captura de ostra coas dimensións establecidas no artigo 120º do Decreto 424/1993. Non poderá utilizarse en fondos inferiores a 5 metros.

Puntos de control: Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Número de tripulantes que participan no plan.
- Sistema organizativo e de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables dos mesmos.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans para o ano 2010.